

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 19 DE XULLO DE 2010.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D. José M. Balseiro Canoura

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

D^a. Ana María Abad López

D. Jaime Pernas Rodríguez

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día dezanove de xullo de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 10 DE MAIO DE 2010.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta plenaria de data 10 de maio de 2010.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-lo

borrador da acta da sesión plenaria de data 10 de maio de 2010.

2º) ALEGACIÓN PRESENTADA NO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MOVIL, APROBADA INICIALMENTE POR ACORDO PLENARIO DE DATA 10 DE MAIO DE 2010; ESTIMACIÓN OU DESESTIMACIÓN DA MESMA E NO SEU CASO APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno do dictame emitido pola Comisión Especial de Contas, con data 15 de xullo de 2010, que a seguir se transcribe íntegramente:

“Por Secretaría pónse en coñecemento da Comisión que, tal e como se acredita na certificación obrante no expediente, no prazo de información pública ó que foi sometido mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 114 o acordo plenario de data 10 de maio do presente, polo que se aprobou inicialmente a Ordenanza fiscal do epígrafe, somentes presentouse unha alegación con data 14 de xuño de 2010 pola representación legal da mercantil REDTEL (Asociación de Operadores de Telecomunicaciones).

Por Secretaría dáse conta sucintamente do contido da alegación de referencia e do informe que sobre a mesma ten emitido a Interventora Municipal, no que se conclúe que na súa opinión o acordo municipal do 10 de maio é axustado a Dereito, e na súa consecuencia, propón a desestimación da alegación presentada.

Enterada, a Comisión por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda informar e propoñer ó Concello Pleno a desestimación da alegación de referencia, e a aprobación definitiva da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía movil, aprobada inicialmente por acordo plenario de data 10 de maio de 2010.”

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º) Desestima-la alegación presentada por REDTEL con data 14 de xullo de 2010, con base nos fundamentos e argumentos refectidos nos informes emitidos pola Intervención Municipal.

2º) Aprobar definitivamente a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móvil.

3º) Ordear a publicación do texto íntegro da ordenanza de referencia no Boletín Oficial da Provincia os efectos do disposto nos Art. 107.1 da Lei 7/1985 de 2 de Abril e 17 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo, sinalándose que a ordenanza entrará en vigor transcorrido o prazo de 15 días a que se refire o Art. 65.2 da devandita Lei 7/85 de 2 de Abril.

4º) Dar traslado do presente acordo, acompañando os informes emitidos pola Intervención Municipal obrantes no expediente, á representación legal de REDTEL no domicilio sinalado a efectos de notificacións, os efectos do disposto no Art. 19.1 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo.

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN TEMPORAL DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS OU POR CELEBRACIÓN DE DIVERSOS EVENTOS. APROBACIÓN SE PROCEDE.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno do ditame emitido pola Comisión Especial de Contas, con data 15 de xullo de 2010, que a seguir se transcribe íntegramente:

“Por Secretaría dáse conta á Comisión da proposta da Alcaldía elevando ó coñecemento dos órganos corporativos, modelo de acordo regulador do prezo público pola utilización temporal dos edificios e instalacións municipais para a prestación de servizos ou por celebración de diversos eventos.

Polo Secretario Municipal explícanse os aspectos máis salientables do acordo de referencia.

Enterada, a Comisión cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, e Meitin Guerreiro, e coa abstención dos Sres. Ben Fernández e Vázquez Fra, quen manifestan se pronunciarán no Pleno; acorda informar favorablemente a proposta da Alcaldía e na súa consecuencia propoñer ó concello Pleno a aprobación do acordo regulador do prezo público pola utilización temporal dos edificios e instalacións municipais para a prestación de servizos ou por celebración de diversos eventos, obrante no expediente.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde sinalase que dito prezo público é necesario aprobalo para ter habilitación legal que aplicar a aquelas empresas ou particulares que solicitan a utilización de instalacións municipais para a celebración de toda clase de actividades, lembrando que dito prezo público en ningún caso se aplicará as asociacións inscritas no Rexistro Municipal e que tampouco se aplicará á celebración de actividades sen ánimo de lucro.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que esta proposta da Alcaldía e mellor que nada, máis considera que a regulación e totalmente insuficiente, outorgando demasiada discrecionalidade ó equipo de goberno, á hora de determina-la contía do prezo público, da fianza e mesmo da obriga de presentar póliza de seguros.

Polo Sr. Alcalde contestase que tendo en conta a diversidade de actividades que poden desenvolverse nas distintas instalacións municipais, resulta imposible de todo punto, fixar nunha ordenanza, as contías concretas das fianzas ou a necesidade de esixir seguro de responsabilidade.

Polos Sres. Pernas Rodríguez e Ben Fernández manifestase a súa intención de votar a favor da aprobación da proposta de Alcaldía.

Rematado o debate, o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Álvarez, Meitin Guerreiro, Ben Fernández, Pernas Rodríguez,

Vázquez Fra, Fernández Basanta, e Casabella Lage, e coa abstención do Sr. Fernández Bouza, acorda aproba-la proposta de Alcaldía do epígrafe, e na súa consecuencia, a ordenanza que a seguir se transcribe integramente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e previo informe emitido pola Interventora Municipal, PROPÓN AO CONCELLO PLENO a adopción dun acordo regulador de prezo público pola utilización temporal dos edificios e instalacións municipais para a prestación de servizos e por celebración de diversos eventos, do seguinte xeito:

ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN TEMPORAL DOS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS E POR CELEBRACIÓN DE DIVERSOS EVENTOS

I.- FUNDAMENTO E NATUREZA

Artigo 1º.- Este Concello consonte ó autorizado polo artigo 127 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de acordo co previsto no artigo 41 do citado texto legal, establece o prezo público pola utilización temporal dos edificios e instalacións municipais para a prestación de servizos e por celebración de diversos eventos, que se regulará polo presente Acordo Regulador.

II.-CONCEPTO

Artigo 2º.- Constitúe o obxecto deste prezo público a utilización temporal dos edificios e instalacións públicas municipais para a prestación de servizos de carácter cultural, deportivo, festivo ou de calquera outra índole e a realización nos mesmos de cursos, talleres, seminarios, conferencias ou outras actividades, así como a súa utilización para a celebración de diferentes eventos e que fosen con ánimo de lucre.

Artigo 3º.- Non estará suxeita ao pago deste prezo a utilización das citadas instalacións polas asociacións que consten inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións así como os espectáculos que puideran desenvolverse nas festas estatais, autonómicas ou locais, actos benéficos e eventos sen ánimo de lucre, sempre que se autoricen polo propio Concello de Xove.

Tampouco estará suxeita a este prezo a celebración de actos promovidos por institucións ou entidades nos que o Concello actúe como colaborador, sempre que a súa participación institucional leve aparellada a aportación de instalacións, así como tampouco a celebración de actos que, ben de oficio ou a proposta de outras administracións, fundacións, asociacións, empresas ou entidade, organice ou presida o Concello de Xove.

III. OBRIGADO AO PAGO

Artigo 4º.- Están obrigados ó pago calquera persoa de natureza física ou xurídica así como as herencias xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición; que previa autorización, utilicen os edificios e instalacións municipais para a prestación de servizos ou celebración de eventos.

IV. OBRIGA DE PAGO

Artigo 5º.- A obriga de pago do prezo nace no momento da autorización das instalacións ou se leven a cabo os respectivos servizos ou actos.

V. TARIFAS

Artigo 6º.- As contías do prezo público serán as seguintes, repercutíndose se fose o caso o correspondente IVE:

- *Por utilización das aulas de formación ubicadas nos distintos inmobles de titularidade municipal, en días e horarios laborables: 10 €/hora.*
- *Por utilización do Salón de Actos: 12 €/hora*
- *Por utilización do Pabellón Polideportivo Municipal: 20 €/hora*

VI. EXENCIONS, REDUCCIONS E DEMAIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES

Artículo 7º.- Estará exenta do pago deste prezo a utilización do Salón de Plenos ou calquera outra instalación municipal para a celebración de enlaces matrimoniais.

VII. NORMAS DE XESTION

Artigo 8º.- O prezo público contemplado no presente acordo regulador satisfarase mediante liquidación con carácter previo á utilización das instalacións municipais, unha vez concedida a oportuna autorización, previa solicitude do interesado. A autorización da concesión quedará estrictamente limitada ao obxecto da solicitude e será discrecional en función do evento a realizar e da instalación solicitada.

O prezo público deberá estar abonado con anterioridade á celebración do evento e en ningún caso se tramitarán novas solicitudes a persoas ou entidade que teñen pendentes de abono anteriores cuotas.

Artigo 9º.- A orde a seguir para as concesións destas autorizacións será a data de solicitude, ou no seu caso, a importancia ou oportunidade do evento a celebrar.

Artigo 10º.- Cando por renuncia, desestímulo ou calquera outra causa imputable ao obrigado ao pago do prezo, a utilización das instalacións non se leve a efecto, unha vez concedida a autorización, non procederá en ningún caso, a devolución do importe correspondente.

Artigo 11º.- A utilización das instalacións municipais solicitadas levará consigo a constitución dunha fianza a determinar en cada caso concreto, que será devolta unha vez finalizado o evento e sempre e cando o edificio ou local se entregue en perfecto estado de conservación e mantemento. No caso de existencia de danos ou desperfectos causados polo solicitante procederase á valoración dos mesmos e ao seu abono con cargo á fianza depositada. Se esta non fose suficiente para cubrilos efectuarase unha liquidación que deberá ser aboada polo obrigado ao pago do prezo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Nos supostos nos que, á vista da natureza da actividade ou evento a realizar polo solicitante o Concello considere necesario ou esixible a existencia dunha póliza de seguro, o solicitante deberá aportar copia da mesma con carácter previo ao inicio das actividades.

DISPOSICION FINAL

O presente Acordo regulador entrará en vigor e comenza a aplicarse no momento da súa publicación no BOP, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

4º) PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE REDUCCIÓN DAS SÚAS RETRIBUCIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno da proposta do epígrafe que a seguir se transcribe :

D. José Demetrio Salgueiro Rapa; Alcalde-presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo Art. 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 57/03 de 16 de decembro.

No marco do Real Decreto-Lei aprobado polo Consello de Ministros celebrado o día 20 de maio, publicado no BOE nº 126 de 24 maio, polo que se adoptan medidas urxentes para reducir o déficit público.

En consonancia coa redución dos salarios aplicada para o persoal laboral deste Concello, que supón un máximo dunha redución en tódolos conceptos retributivos do 5%.

Pola presente PROPOÑO ó Concello pleno a adopción do seguinte acordo:

Único.- Aprobar unha redución do 5% do salario mensual asignado a esta Alcaldía mediante acordo plenario de data 9 de xullo de 2007.”

Aberto o debate, polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que a proposta transcrita reflicte unha decisión persoal do Sr. Alcalde sumamente respetable que no vai ser obxecto de valoración por parte do seu Grupo.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que non está de acordo co manifestado polo Sr. Pernas Rodríguez, xa que considera que as medidas de austeridade, deberían aplicarse a tódolos membros da Corporación con dedicación exclusiva e igualmente as cantidades que por tódolos conceptos perciben os membros da Corporación a título individual e os Grupos Municipais.

Polo Sr. Alcalde manifestase que non ten sentido mixturar cousas distintas, xa que unha cousa é a súa decisión de propoñer unha rebaixa das súas retribucións e outra cousa e tomar decisións que afectan a Concelleiros cunhas retribucións pola súa dedicación exclusiva moi reducida ou das contías das indemnizacións que perciben os concelleiros polo exercicio do seu cargo, ou as axudas que perciben os grupos municipais para o desenvolvemento das súas tarefas.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que está de acordo co plantexamento do Sr. Alcalde e que nesta sesión a Corporación debería limitarse a votar a proposta de Alcaldía sen prexuízo de estudar no futuro outras posibles medidas.

Rematado o debate, a Corporación co voto favorable dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Álvarez, e Meitín Guerreiro, e coa abstención dos Sres. Ben Fernández, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, Casabella Lage, e Fernández Bouza, acorda aproba-la proposta de Alcaldía do epígrafe, anteriormente transcrita.

5º) PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE XOVE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía do epígrafe, que a seguir se transcribe integramente:

“D. JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove;

«Vista a necesidade de crear unha Sede Electrónica neste Municipio co obxecto de permitir o exercicio do dereito que teñen os cidadáns a relacionarse coas Administracións Públicas por medios electrónicos, de conformidade coa Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns.

Visto que a Sede Electrónica se axusta aos principios de publicidade oficial, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.

Visto que a publicación na Sede Electrónica de informacións, servizos, e transaccións respectará os principios de accesibilidade e usabilidade de acordo cos estándares abertos e, no seu caso, aqueles outros que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns.

Á vista de todo o disposto no artigo 10 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns, pola presente propoño ó Pleno Corporativo a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. Crear con efectos desde a data de adopción do correspondente acordo por parte do Pleno Corporativo do Concello de Xove a Sede Electrónica do Concello de Xove na dirección electrónica <http://xove.sedelectronica.es> cuxa titularidade, xestión e administración corresponde a este Concello e que cumprirá cos requisitos establecidos no Anexo I, que se integra e forma parte do presente Acordo.

SEGUNDO. Aprobar o catálogo de trámites e procedementos que o cidadán pode realizar por medios electrónicos ante o Concello de Xove e que se inclúen no Anexo II como parte integrante do presente Acordo

Na medida na que se desenvolvan os traballos de adaptación necesarios, o Catálogo de trámites e procedementos que o cidadán poderá realizar por medios electrónicos ante o Concello de Xove reflectido no citado Anexo II incrementárase progresivamente bastando unha Resolución ó efecto do Sr. Alcalde Presidente do Concello de Xove para a incorporación efectiva de novos trámites e/ou procedementos.

TERCEIRO. Establecer que a publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria, deban publicarse no taboleiro de anuncios se complemente coa súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico incluído na Sede Electrónica, sen prexuízo de que poida ser substituída devandita publicación, nos casos en que así se determine».

ANEXO I

REQUISITOS DA SEDE ELECTRÓNICA

- Permitirá o acceso aos cidadáns para a realización de trámites co Concello.*
- Conterá toda a información sobre os procedementos e trámites a seguir ante o Concello.*
- Conterá unha relación dos procedementos dispoñibles electronicamente.*
- Permitirá coñecer por medios electrónicos o estado de tramitación dos expedientes nos que o cidadán teña a condición de interesado.*
- Conterá toda a información sobre as autoridades competentes para cada actividade dos servizos ofrecidos.*
- Conterá os distintos tipos de escritos, comunicacións, solicitudes que poidan presentarse ante o Concello.*
- Incluirá, en todo caso, unha caixa do correo de queixas e suxestións.*
- Terá a posibilidade de que o cidadán obteña copias electrónicas.*
- Incluirá a relación dos medios electrónicos dispoñibles para que o cidadán se relacione co Concello.*
- Mostrará de xeito visible a data e a hora garantindo a súa integridade.*
- Incluirase unha lista cos días considerados inhábiles.*
- No seu caso, garantirase o acceso en ambas linguas cooficiais na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- Garantirá a identificación do titular da Sede Electrónica.*
- Deberá dispoñer de sistemas que permitan o establecemento de comunicacións seguras sempre que sexan necesarias.*

- Permitirá a publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria deban publicarse no taboleiro de anuncios ou edictos.
- Conterá a lista de sistemas de sinatura electrónica avanzada admitidos.
- Conterá a lista selos electrónicos utilizados polo Concello, incluíndo as características dos certificados electrónicos e os prestadores que os expiden.
- Conterá as disposicións de creación do Rexistro Electrónico.
- No seu caso, a Sede Electrónica permitirá a publicación electrónica de boletíns oficiais propios.
- Así como calquera outro requisito incluído na Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos.

ANEXO II

CATÁLOGO DE PROCEDIMENTOS ELECTRÓNICOS DISPOÑIBLES

1.- Solicitudes de certificados de empadramento.”

Por Secretaría explícanse os aspectos máis salientables e as consecuencias máis importantes que poden derivarse tanto para o Concello como para os administrados da creación e posta en funcionamento da Administración Electrónica.

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

6º) PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE ORDENANZA REGULADORA DE CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO ELECTRÓNICO MUNICIPAL. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía do epígrafe, que a seguir se transcribe integramente:

“D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove, de conformidade e ós efectos do desposto nos artigos 24.3 e 25 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso electrónico dos Ciudadanos aos Servizos Públicos.

Pola presente propoño ó Concello Pleno a aprobación da seguinte: ORDENANZA REGULADORA DE CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO ELECTRÓNICO MUNICIPAL

- *ART. 1. Obxeto.- O obxeto da presente Ordenanza é a creación e regulación do Rexistro Electrónico, do Concello de Xove, de conformidade co establecido nos artigos 24.3 e 25 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso electrónico dos Ciudadanos aos Servizos Públicos.*
- *ART. 2. Natureza e Eficacia do Rexistro Electrónico.- O Rexistro Electrónico ten carácter auxiliar respecto ó Rexistro Xeral do Concello. A presentación de solicitudes, escritos e/ou comunicacións no Rexistro Electrónico terá os mesmos efectos que a presentación efectuada no Rexistro físico do órgano administrativo ao que se dirixan.*
- *ART. 3. Ámbito de Aplicación.- A presente Ordenanza Municipal aplicarase a tódolos órganos e departamentos administrativos do Concello de Xove.*
- *ART. 4. Responsable do Rexistro Electrónico.- O órgano responsable da xestión do Rexistro Electrónico é O Alcalde Presidente do Concello de Xove.*
- *ART. 5. Acceso ó Rexistro Electrónico.- O acceso ó Rexistro Electrónico realizarase a través da a Sede Electrónica do Concello de Xove ubicada na seguinte dirección URL: <http://xove.sedelectronica.es>*
- *ART. 6. Identificación dos cidadanos.- De conformidade co art. 13.2 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, os cidadanos interesados en realiza-la presentación de solicitudes no rexistro electrónico poderán utilizar algún dos sistemas de identificación electrónica:*
 - *En todo caso, o DNI electrónico*

- *Sistemas de sinatura electrónica avanzada, incluíndo os baseados en certificado electrónico recoñecido, admitidos por este Concello.*
 - *Outros sistemas de identificación electrónica, como a utilización de claves concertadas nun rexistro previo como usuario, a aportación de información coñecida por ambas partes ou outros sistemas no criptográficos, nos termos e condicións que en cada caso se determinen.*
 - *Os certificados admitidos, así como as súas características, e outros sistemas de identificación electrónica e os termos e condicións en que en cada caso se admitan, se farán públicos na sede electrónica do Concello.*
 - *ART. 7. Presentación de Solicitudes, Escritos e Comunicaci3ns.- O Rexistro Electr3nico estar3 habilitado unicamente para a presentaci3n de solicitudes, escritos e comunicaci3ns respecto dos tr3mites y procedementos que se relacionen na sede electr3nica. Os dem3is escritos carecer3n de efectos xur3dicos e non se ter3n por presentados, comunic3ndose 3 interesado dita circunstancia, por se considera convinte utilizar calquera das formas de presentaci3n de escritos ante o Concello que prev3 o art. 38.4 da Lei 30/1992, de R3xime Xur3dico das Administraci3ns P3blicas e do Procedemento Administrativo Com3n.*
 - *Os rexistros electr3nicos permitir3n a presentaci3n de solicitudes, escritos e comunicaci3ns t3dolos d3as do ano durante as vinte e catro horas.*
 - *O Rexistro Electr3nico se rexer3 pola data e hora oficial da Sede Electr3nica.*
 - *ART. 8. Copia de Solicitudes, Escritos e Comunicaci3ns. O Rexistro Electr3nico emitir3 automaticamente un recibo consistente nunha copia autenticada da solicitud, escrito o comunicaci3n incluíndo a hora e data de presentaci3n e o n3mero de entrada de rexistro.*
 - *ART. 9. Rexeitamento de Solicitudes, Escritos e Comunicaci3ns.- A Administraci3n Municipal poder3 rexeitar aqueles documentos electr3nicos que se presenten nas seguintes circunstancias:*
 - a) *Que conte3nan c3digo malicioso o un dispositivo susceptible de afectar 3 integridade ou a seguridade do sistema.*
 - b) *No caso de utilizaci3n de documentos normalizados, cando non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando te3a incongruencias ou omisi3ns que impidan o seu tratamento.*
- Os documentos adxuntos 3s escritos e comunicaci3ns presentadas no rexistro electr3nico deber3n ser lexibles e non defectuosos, poded3nse utiliza-los formatos comunmente aceptados que se far3n p3blicos na sede electr3nica deste Concello.*
- Nestes casos, se informar3 de elo 3 remitente do documento, con indicaci3n dos motivos do rexeitamento as3 como, cando elo fora posible, dos medios de subsanaci3n de tales deficiencias. Cando o interesado o solicite, se remitir3 xustificaci3n do intento de presentaci3n, que incluir3 as circunstancias do rexeitamento.*
- *ART. 10. C3mputo de Prazos.- O Rexistro Electr3nico do Concello de Xove se rexer3, a efectos de c3mputo de prazos, vinculantes tanto para os interesados como para as Administraci3ns P3blicas, pola data e a hora oficial da Sede Electr3nica, que contar3 coas medidas de seguridade necesarias para garantir a s3a integridade e figurar visible.*
- O Rexistro Electr3nico estar3 ao dispor dos seus usuarios as vinte e catro horas do d3a, t3dolos d3as do ano, excepto as interrupci3ns que sexan necesarias por raz3ns t3cnicas.*
- A os efectos de c3mputo de prazo fixado en d3as h3biles o naturais, e no que se refire a cumprimento de prazos polos interesados, haber3 que estar ao seguinte:*
- *A entrada de solicitudes, escritos e/ou comunicaci3ns recibidas en d3as inh3biles se entender3n efectuadas na primeira hora do primeiro d3a h3bil seguinte.*

- *Non se dará saída, a través do Rexistro Electrónico, a ningún escrito o comunicación en día inhábil.*
- *Se consideran días inhábiles, a efectos do Rexistro Electrónico da Administración Municipal, os establecidos como días festivos no calendario oficial de festas laborais do Estado, da Comunidade Autónoma e de festas locais deste Concello. A estes efectos, se poderá consultar o calendario publicado na Sede Electrónica.*

O inicio do cómputo dos prazos que haxan de cumprirlos órganos administrativos e entidades de dereito público vendrá determinado pola data e hora de presentación no propio rexistro o, no caso previsto no apartado 2.b do art. 24 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, pola data e hora de entrada no rexistro do destinatario. En todo caso, a data efectiva de inicio do cómputo de prazos deberá ser comunicada a quen presentou o escrito, solicitude ou comunicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

Se habilita ao Sr. Alcalde Presidente do Concello de Xove para adoptar acordos de desenvolvemento das medidas técnicas y administrativas necesarias para a posta en marcha e posterior funcionamento do Rexistro, co obxecto de adapta-las previsións desta Ordenanza ás innovacións tecnolóxicas.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

A Ordenanza se dicta ao amparo da potestade de autoorganización municipal recoñecida no art. 4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, da potestade de desenvolvemento regulamentario e en virtude do que dispón o art. 38 e 45.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, e en concreto o art. 24.3 e 25 da Lei 11/2007, de 22 de xuño.

O mesmo tempo coa creación do Rexistro Electrónico e a normalización do seu uso, o Concello de Xove de conformidade co disposto no art. 70 bis.3 da Lei 7/1985, se impulsa a utilización interactiva das tecnoloxías da información e a comunicación como medio para facilita-la participación e comunicación cos cidadanos e para a presentación de documentos e a realización de trámites administrativas.

En especial, se terá que actuar de conformidade co art. 18.4 da Constitución; a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal; a Lei 11/2007, de 22 de xuño, a Lei 59/2003, de 19 de decembro, de Firma Electrónica así como o resto de normativa aplicable en vigor.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

A presente Ordenanza non entrará en vigor ata que, una vez aprobada definitivamente, se haxa publicado completamente o seu texto y haxa transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresa.”

Por Secretaría explícanse os aspectos e consecuencias máis importantes derivadas da posta en funcionamento do Rexistro Electrónico Municipal.

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda :

1º) Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal regulamentadora da creación e funcionamento do Rexistro Electrónico Municipal, anteriormente transcrita.

2º) Someter o presente acordo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a insertar no Taboeiro Municipal, e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

3º) Sinalar expresamente que no suposto da non presentación de reclamacións ou suxerencias no citado prazo, a ordenanza municipal de referencia entenderase aprobada definitivamente,

procedéndose á súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, entrando en vigor unha vez publicada e transcorrido o prazo previsto no Art. 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril.

7º) PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE BASES REGULADORAS DAS AXUDAS MUNICIPAIS PARA O REMATE EXTERIOR (LUCIDO DE FACHADAS) E ACONDICIONAMENTO DOS ACCESOS Á VIVENDAS UNIFAMILIARES CON MÁIS DE 5 ANOS DE ANTIGÜEDAD, DESDE AS VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

“D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove, VISTAS ás BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS PARA O REMATE EXTERIOR (LUCIDO DE FACHADAS) DE VIVENDAS UNIFAMILIARES CON MÁIS DE CINCO DE ANOS DE ANTIGÜEDAD aprobadas polo Pleno Corporativo en sesión de data 12 de maio de 2008.

CONSIDERANDO que dita iniciativa municipal contribuíu, complementando as subvencións autonómicas regulamentadas na Orde do 9 de abril de 2008 (D.O.G. nº: 74 de data 17/04/2008), a mellorar notablemente a calidade; en termos de estética e condicións de habitabilidade; das vivendas unifamiliares do medio rural do noso Concello.

CONSIDERANDO que á vista do tempo percorrido é convincente reabrir dita liña de axudas ampliando ó obxecto das mesmas á mellora dos accesos ás vivendas unifamiliares desde as vías de titularidade pública.

Polo exposto propoño ó Concello Pleno a aprobación das seguintes:

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS MUNICIPAIS PARA O REMATE EXTERIOR (LUCIDO DE FACHADAS) E ACONDICIONAMENTOS DOS ACCESOS A VIVENDAS UNIFAMILIARES CON MÁIS DE CINCO DE ANOS DE ANTIGÜEDAD DENDE AS VÍAS DE TITULARIDADE PUBLICA.

1ª.- As presentes Bases, que terán unha vixencia de un (1) ano, sen prexuízo da súa posible prorroga mediante acordo plenario ó efecto teñen como obxectivo que tódolos veciños de Xove poidan remata-lo exterior das súa vivenda unifamiliar quedando estas protexidas da humidade e o clima en axeitadas condicións de salubridade e seguridade, mediante a utilización de materiais respectuosos co entorno coa paisaxe e coa tipoloxía tradicional da zona e que ditas vivendas contén cuns accesos desde as vías de titularidade pública en axeitadas condicións de uso e seguridade viaria.

2ª.- Poidan ser obxecto de subvención as obras de remate das fachadas (lucido de fachadas) e o acondicionamentos dos accesos desde as vías de titularidade pública de vivendas unifamiliares ubicadas no termino municipal de Xove é os efectos da incoación do correspondente expediente o solicitante, que en todo caso deberá se-lo propietario do inmovible, presentará no Rexistro Municipal solicitud de subvención no Modelo que ó efecto se facilitará nas Oficinas Municipais e a documentación que a seguir se relaciona acreditativa de que a vivenda reúne todos e cada un dos requisitos exisibles para a obtención de subvención:

- *Documentación acreditativa da personalidade do solicitante (Copias Autenticadas do D.N.I. e do N.I.F.)*
- *Documentación acreditativa de que o solicitante é o propietario da vivenda (Escritura Pública e Certificación Catastral)*

- *Acreditación de que a vivenda ten unha antigüidade superior ós cinco anos, extremo que deberá acreditarse coa presentación da correspondente licenza de primeira ocupación o no seu defecto cun informe emitido polos servizos técnicos municipais acreditativo da antigüidade da vivenda.*
- *Declaración Xurada , no Modelo que o efecto se facilitará nas Oficinas Municipais , asinada polo solicitante acreditativa de que a vivenda constitúe o domicilio habitual dunha unidade familiar ben sexa do propietario solicitante ou, se o caso, do arrendatario. Coa citada Declaración Xurada deberá achegarse o correspondente certificado de empradonamento.*
- *Declaración Xurada , no Modelo que o efecto se facilitará nas Oficinas Municipais , asinada polo solicitante acreditativa de que a vivenda non está incurso en ningún procedemento de disciplina ou de reposición da legalidade urbanística.*
- *Certificación de estar o corrente do pago de tódolos tributos municipais e non ter débedas coa facenda municipal.*
- *Declaración xurada de non ter solicitado nin percibidos de calquera outra administración ou organismo público axudas ou subvencións para a mesma finalidade segundo o modelo que ó efecto se facilitará nas Oficinas Municipais.*
- *Memoria Valorada (acompañada de fotografías que acrediten o estado das fachadas / ou dos accesos desde a vía de titularidade pública) na que se acredite o estado da fachada e/ou dos accesos e as obras que se pretendan efectuar con descrición valorada dos materiais a utilizar, materiais que nas súas características estéticas e construtivas deberán ser acordes cos do entorno. Simultaneamente coa presentación da solicitude de subvención deberá solicitarse igualmente a preceptiva licenza municipal de obra menor.*

3ª.- Unha vez recibida a solicitude a Oficina Técnica e a Secretaría Municipal, emitirán informe no que se acredite o cumprimento de todos e cada un dos requisitos anteriormente citado, propoñendo a Xunta de Goberno Local a concesión ou a non concesión da subvención solicitada. En todo caso a proposta deberá estar motivada e no suposto de falla ou defecto de documentación; con carácter previo á emisión do antedito informe- proposta; deberá comunicarse ó solicitante a falla de documentación apreciada dándolle un prazo de 10 días para a presentación ou subsanación que fora procedente coa advertencia expresa de que de non facelo a súa solicitude será arquivada sen máis trámite.

4ª.- A Xunta de Goberno Local á vista do Informe-Proposta aprobará o outorgamento ou a denegación da subvención solicitada.

No suposto de outorgamento o acordo deberá determinar igualmente a contía da subvención que en ningún caso poderá superar ós 300'00 € por solicitude e vivenda e o prazo de execución das obras que en ningún caso poderá ser superior ós 3 meses contados a partir da notificación do acordo.

O prazo de execución anteriormente citado só poderá ser obxecto de prorroga; por un prazo máximo de dous meses contado a partir da data de remate do prazo inicial; por casos excepcionais de forza maior sempre que dita prorroga se solicite antes do remate do prazo de execución fixado inicialmente.

O incumprimento do prazo de execución inicialmente fixado ou no seu caso o determinado na prorroga concedida suporá a perda automática da subvención concedida.

5ª.- Os efectos do financiamento da presente liña de subvención dotarase a orzamentariamente Partida 152.789 coa cantidade de 6.000'00 €; sen prexuízo de que, se fose necesario, dita dotación poida ser obxecto de ampliación.

6ª.- Rematadas as obras obxecto de subvención o solicitante deberá comunica-lo mediante escrito dirixido á Oficina Técnica Municipal ó que se acompañara fotografías do estado da fachada unha

vez executadas as obras así como os orixinais ou copias autenticadas das facturas abonadas polos traballos efectuados.

7ª.- Recibida a solicitude o Arquitecto Técnico Municipal efectuará unha visita de inspección e a resultas da mesma emitirá informe no que se acredite a correcta execución da obras proponendo á Xunta de Goberno Local a aprobación do abono da subvención outorgada.

8ª.- No caso de que o Informe antedito acreditará a non execución ou a execución incompleta ou incorrecta das obras se dará traslado do mesmo ó solicitante para que se é posible, e sempre que non se houbera esgotado o prazo de execución, proceda á subsanación ou remate das obras dentro do prazo execución fixado no acordo de concesión ou no de prórroga se fose o caso. Completadas ou subsanadas as obras o solicitante comunicarao á Oficina Técnica Municipal consonte ó disposto na Base 6ª procedéndose por parte da Oficina Técnica Municipal a efectua-la visita e a emiti-lo informe previstos na Base 7ª.

9ª.- O prazo de presentación de solicitudes será comunicado mediante anuncio que se publicará no xornal El Progreso (Edición de A Mariña) e mediante Bandos que se colocarán nos lugares habituais do termo municipal. En calquera caso o prazo de presentación de solicitudes non poderá ser superior ós tres meses e en calquera caso as obras deberá estar rematadas e dito remate posto en coñecemento da Oficina Técnica Municipal ós efectos do disposto na Base 7ª no prazo de execución que se determine no acordo de concesión da preceptiva licenza e en calquera caso antes do 30 de novembro 2008.

Excepcionalmente, naqueles supostos nos que a concesión da licenza municipal estea condicionada pola previa e preceptiva autorización de calquera outro organismo administrativo (Diputación Provincial, Servicio provincial de costas, Servicios de Usos do Litoral, Comisión Provincial de Patrimonio, Augas de Galicia ou Servicio Provincial de Urbanismo) os prazos de execución anteriormente citados se interromperán ata a obtención e notificación da correspondente autorización.”

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-la proposta do epígrafe, transcrita integramente.

8º) EXPEDIENTE DE OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓN POLA CONSTRUCCIÓN DE NOVO INMOBLE CON DESTINO A ACTIVIDADES EMPRESARIALES A FAVOR DE D. MIGUEL LÓPEZ LÓPEZ. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente tramitado no Servizo Municipal de Emprego e Desenvolvemento Local, ó abeiro das bases reguladoras das subvencións e axudas a empresarios para instalación de novas actividades no Parque Empresarial de Xove, a instancia de D. Miguel López López.

Visto o informe emitido pola Axente de Emprego e Desenvolvemento Local obrante no expediente, a Corporación por unanimidade dos seus membros acorda conceder a D. Miguel López López, titular do NIF: 34637924-Q e domicilio no Barrio da Cruz, 59 (27868 Viveiro), unha axuda por importe de 1.326,15 €.

9º) EXPEDIENTE DE OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓN POLA CONSTRUCCIÓN DE NOVO INMOBLE CON DESTINO A ACTIVIDADES EMPRESARIALES A FAVOR DE D. ALADINO JULIO LÓPEZ LÓPEZ. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente tramitado no Servizo Municipal de Emprego e Desenvolvemento Local, ó abeiro das bases reguladoras das subvencións e axudas a empresarios

para instalación de novas actividades no Parque Empresarial de Xove, a instancia de D. Aladino Julio López López.

Visto o informe emitido pola Axente de Emprego e Desenvolvemento Local obrante no expediente, a Corporación por unanimidade dos seus membros acorda conceder a D. Aladino Julio López López, titular do NIF: 33997485-N e domicilio no Barrio da Cruz, 59 (27868 Viveiro), unha axuda por importe de 1.326,15 €.

10º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, DE APOIO ÓS AUTÓNOMOS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza procédese a dar lectura á moción do epígrafe, explicando igualmente os aspectos máis importantes ou salientables da mesma.

Polo Sr. Alcalde contestase que se ben o seu Grupo está de acordo en parte dos argumentos reflectidos na moción de referencia, non está en absoluto de acordo coas críticas que na mesma se verten sobre a política da Xunta de Galicia, toda vez que desde o verán pasado a Xunta de Galicia a través do EGAPE e do Servizo de Apoio ó Autónomo, e dos programas Re-Imaxina e Re-Solve, ten habilitado unha importantísima liña de axudas en materia de formación, asesoramento e financiamento, dirixidas especificamente ós traballadores autónomos, que se complementan con outros programas postos en marcha pola Xunta de Galicia no eido da internacionalización da nosa economía (cun aumento do 56%) do fomento do I+D+I empresarial (cun aumento do 31% mentres que o Goberno Central o reduce nun 17%) da dinamización empresarial e o apoio financeiro ás empresas (cun aumento do 13%) e coa aposta decidida por un comercio eficiente e competitivo, a través do Plan AGORA RE-COMERCIA.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde, sinalando que tódalas medidas adoptadas pola Xunta de Galicia anteriormente enumeradas acadan unha enorme inversión de fondos públicos en apoio dos traballadores autónomos, razón pola cal o Grupo de Goberno estaría disposto a apoiar a moción presentada polo BNG, sempre que na solicitude se fale de que Xunta de Galicia siga a manter e amplíe os planos de apoio os autónomos de Galicia.

Polo Sr. Fernández Bouza aceptase a modificación proposta polo Sr. Alcalde-Presidente.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade acorda aproba-la moción do epígrafe, coa modificación anteriormente referenciada que a seguir se transcribe integramente:

“Xesús Xosé Fdez. Bouza, portavoz do Grupo político do BNG de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno.

MOCIÓN DE APOIO OS AUTONOMOS.- EXPÓN

Os datos que ven de facer públicos o Observatorio polo Emprego dependente do Ministerio de Traballo e Asociación Española de Traballadores Autónomos corroboran que no mes de Marzo a destrución de empregos entre aqueles que cotizan no Réxime Especial Autónomo equiparouse en Galiza á media do Estado. A situación tornase máis preocupante se atendemos a que no ámbito da nosa nación a provincia que encabeza a destrución de emprego autónomo é a de Lugo e dentro desta A Mariña Oriental e A Mariña Central. Tanto é así que no último ano na provincia de Lugo cesaron na súa actividade máis de 6000 autónomos, a metade dos cales se concentran nas tres comarcas da Mariña.

A este respecto folga dicir que a crise cebouse de xeito moi particular con este colectivo, destacando a desaparición do emprego no sector comercial e da hostalería, como consecuencia da caída do consumo, así como aquelas persoas que desenvolvían a súa actividade en ocupación relacionadas co sector da construción e da promoción inmobiliaria. Non nos debe estrañar logo as consecuencias que esta a xerar na comarca da Mariña, dada a exposición da mesma a actividade

inmobiliaria e a repercusión que a mesma tiña en todo o resto do ciclo económico. Agora ben con independencia dos factores vinculados a sobreproducción, a razón central que explica estes dados é os problemas de liquidez que tiveron que afrontar os autónomos ao cortarse a billa do crédito e non responder os organismos públicos a solventar esta situación para xerar circulante que permitise que a actividade continuase. Mesmamente hai que ter en conta que o cese da actividade dáse tamén en negocios que mesmamente sento rentábeis non poden facer fronte aos problemas de financiamento.

Aínda así seguemos a estar diante dunha actividade vizosa tanto no que ten a ver coa man de obra ocupada como no que representa no PIB da Provincia. Só no caso do sector comercial e da hostalería o número de establecementos supera os 10.000 en Lugo representando máis do 15 do PIB do noso territorio. Neste sentido fai que ter en conta que a día de hoxe no réxime especial de autónomos en Lugo seguen rexistrados preto de 20.000 persoas que están a atravesar unha situación de fonda dificultade até o punto de que non mediar unha actuación decidida por parte das administracións poderían correr a mesma sorte daquelas 6000 persoas aos que nos referíamos no primeiro parágrafo.

O Bloque Nacionalista Galego partindo de que é a Xunta de Galiza quen ten as competencias plenas en materia de comercio e de hostalería e que a súa vez conta con instrumentos financeiros que permiten bombear crédito ao tecido produtivo, demanda un cambio de actitude por parte da mesma e xa que logo unha actitude decidida por parte da Xunta de Galiza de apoio ao sector dos autónomos. Asemade consideramos fundamental que no seu ámbito competencial é necesario tamén que cumpra e obrigue ao cumprimento do establecido na lexislación, no referido ao cumprimento do prazo dos pagos a fin de quen os autónomos non operen como auténticas financeiras e as administracións públicas e a propia empresa privada lle transfira a estes a súa falta de liquidez.

SOLICITA

Que o Pleno da Corporación inste a Xunta de Galiza a que manteña e amplíe o Plan de Apoio aos Autónomos da Mariña, criando dentro do IGAPE liñas específicas de financiación circulante e reestruturación de pasivos que permita o acceso dos mesmos ao crédito.”

11º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CONTRA OS RECORTES SOCIAIS APROBADOS POLO GOBERNO DO ESTADO. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza procédese a dar lectura á moción do epígrafe, salientando os aspectos máis relevantes da mesma.

Polo Sr. Alcalde manifestase que se ben, en termos xerais o seu grupo está de acordo con algúns dos argumentos reflectidos na moción do epígrafe, sen embargo rexeita totalmente as críticas vertidas contra a política da Xunta de Galicia por consideralas inxustas e inveraces.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que se o Sr. Fernández Bouza acepta suprimir esas referencias á política da Xunta, o seu Grupo non tería inconveniente en apoiar a aprobación da moción.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que non acepta a proposta do Sr. Alcalde por considerar que a política económica da Xunta de Galicia en nada contribúe a saír da crise económica.

Polo Sr. Pernas Rodríguez sinalase que a moción presentada como tódalas mocións tipo que o BNG acostuma a presentar é densa e contraditoria, e sobre todo refírese a temas que pouco ou nada teñen que ver coas competencias e actividades municipais; como exemplo de contradición o Sr. Pernas Rodríguez sinala o feito de que o BNG inste á desaparición das deputacións provinciais, cando ostenta a vicepresidencia da Deputación Provincial de Lugo, e ten colocados a varios dos seus conselleiros en cargos moi importantes da mesma, e como exemplo de referirse a materias que están

moi lonxe do que son as competencias e funcións dunha administración municipal, polo Sr. Pernas Rodríguez alúdese á petición de medidas por parte da Presidencia da Unión Europea.

Polo Sr. Fernández Bouza sinalase que o BNG é unha forza política democrática que desenvolve o seu labor no marco institucional vixente, sen que iso signifique que o BNG non poida opinar que dito marco institucional é susceptible de ser mellorado, razón pola cal non existe contradición ningunha no feito de considerar as Deputacións Provinciais como órganos totalmente prescindibles e exercer en ditas institucións as labouras encomendadas polos cidadáns.

Polo Sr. Alcalde manifestase que o BNG, que gobernou en Galicia durante 4 anos, e que leva apoiando sistematicamente os Presupostos Xerais do Goberno do Estado, algunha responsabilidade terá no estado catastrófico no que se atopan na actualidade as contas públicas.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que todo o mundo coñece que Galicia saliu beneficiada das negociacións feitas polo BNG na tramitación dos Presupostos Xerais do Estado de cada exercicio.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que votaría a favor da aprobación da moción se somentes se mantivera o seu punto primeiro.

O Sr. Fernández Bouza rexeita a proposta plantexada polo Sr. Ben Fernández.

Rematado o debate, o Concello Pleno cos votos dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Alvarez, Meitín Guerreiro, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, e Casabella Lage, e coa abstención do Sr. Ben Fernández e o voto favorable do Sr. Fernández Bouza, acorda rexeita-la aprobación da moción do epígrafe.

12º) RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO DE 2009. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente tramitado para a preceptiva rectificación do Inventario de Bens e Dereitos de Titularidade Municipal no que se reflicten as variacións habidas no mesmo durante o exercicio de 2009, consonte ós datos obrantes no citado expediente, as altas acadan un importe de 236.640,92€, o que supón que con data 1 de xaneiro de 2010 o Inventario de Bens e Dereitos de Titularidade Municipal acada un importe total de 10.298.837,53€.

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros e ós efectos do disposto no Art. 34 do Regulamento de Bens das Entidades Locais acorda aproba-la rectificación do Inventario de Bens e Dereitos de Titularidade Municipal correspondente ó exercicio de 2009.

13º) RATIFICACIÓN DO DECRETO DE ALCALDÍA DO 7 DE XULLO DE 2010 DE SOLICITUDE DE AXUDA PARA O SOTERRAMENTO DE INFRAESTRUCTURAS ELÉCTRICAS NA RÚA LAVANDEIRAS, EFECTUADA Ó ABEIRO DA ORDE DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DE 2 DE XUÑO DE 2010. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do Decreto dictado polo Sr. Alcalde-Presidente, con data 7 de xullo de 2010 obrante no expediente e que a seguir se transcribe íntegramente:

“D. JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove (Lugo).

VISTO o proxecto redactado pola Oficina Técnica Municipal relativo á actuación de “ Soterramento das Infraestructuras eléctricas da Rúa Lavandeiras “ cun ornamento total de 171.607’34 €.

VISTO o disposto na Orde do 2 de xuño de 2010 da Consellería de Economía e Industria pola que se establecen as bases para a concesión, en concorrencia competitiva, das axudas para o soterramento de infraestructuras eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), e se procede á súa convocatoria.

No uso das competencias que me son outorgadas polo art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, polo presente ACORDO:

PRIMEIRO.- Aproba-la acometida da actuación solicitada anteriormente transcrita.

SEGUNDO.- Dar traslado, a efectos da súa ratificación, do presente acordo ó Concello Pleno na vindeira sesión a celebrar polo citado órgano corporativo.

Mando e asino en Xove a sete de xullo de dous mil dez.”

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda ratifica-lo decreto anteriormente transcrito.

14º) ROGOS E PREGUNTAS.


Polo Sr. Fernández Bouza pregunta ó Sr. Alcalde se a nova EDAR de Regosanguento está funcionando o 100%.

Polo Sr. Alcalde contestase que cree que está en período de probas e que será necesario efectuar unhas pequenas modificacións na cota dun colector.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e vinte minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo

